_Desenvolvemento gradual da duración dunha nota tida sobre unha soa respiración para a consecución do máximo de fiato.

_Exercitación auditiva do timbre da propia voz e procura de distintas cores vocais.

_Desenvolvemento da percepción total das sensacións fonatorias.

_Interpretación de obras acordes con cada voz, de menor a maior dificultade a medida que se vaia conseguindo o dominio técnico-vocal.

_Estudo dun repertorio que deberá incluír cancións e arias españolas e italianas antigas, cancións de concerto españolas, cancións latinoamericanas, italianas, alemás e francesas, romanzas de zarzuela e ópera española e extranxeira e arias de oratorios ou cantatas.

_Estudo do repertorio propio do patrimonio galego.

_Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.

_Adestramento permanente e progresivo da memoria.

_Práctica da lectura á vista.

_Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

_Práctica de conxunto.

- **CONTIDOS PARA O 5º CURSO:**

A) CONTIDOS TÉCNICOS

-Práctica de lectura a primeira vista

-Exercicios para acadar homoxeneidade e flexibilidade da voz en todo o rexistro.

B) REPERTORIO

Canción de Concerto Española

3 obras en calquera das linguas do Estado, unha delas obrigadamente en galego

Lied

3 obras

Canción de Concerto Extranxeira

3 obras

Ópera Extranxeira

3 Arias ou nº de conxunto

Teatro Lírico Español

3 Arias ,Romanzas ou nº de conxunto

Cantata, Oratorio, etc.

3 Arias, Dúos, Tercetos, etc.

C) TRABALLOS TEÓRICOS

Importancia das vogais e das consoantes na emisión vocal. Clasificación das consoantes.

4.- RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA)

A metodoloxía que se vai a aplicar na aula desenrrolarase de acordo a os seguinte principios xerais:

- Aprendizaxe funcional (partindo do nivel real de coñecementos dos alumn@s)
- Ensinanza dinamizadora (provocar o estímulo e o interese no alumnado polo seu propio progreso, favorecer a súa autonomía e capacidade de superación,...)
- Adaptación á diversidade do alumn@ (metodoloxías diversas e actividades diferenciadas, adaptándonos ás características particulares de cada alumn@)
- Interdisciplinariade (aplicando o principio de “Globalización”, relacionar os contados propios con outras materias do Currículum, traballo en coordinación con todo o equipo docente, etc)
- Avaliación continuada e constante (da Programación Didáctica, da cada alumn@ de xeito personalizado, do proceso de ensinanza-aprendizaxe, da práctica docente, ...)

5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES

Mínimos esixibles

5º CURSO

1º TRIMESTRE

Control do apoio e unha emisión e impostación homogénea aplicada ó fraseo e a interpretación.

Flexibilidade nas escalas, arpegios e coloraturas.

Superación de 1/3 do repertorio correspondente o curso.

Traballo vocal e escénico de conxunto.

2º TRIMESTRE

Dominio das cualidades expresivas da voz aplicadas á interpretación e práctica de lectura a primeira vista.

Superación de 2/3 do repertorio correspondente ó curso.

Traballo vocal e escénico de conxunto.

3º TRIMESTRE

Flexibilidade da voz en tódala súa extensión.

Homoxeneidade de textura e cor, equilibrio de armónicos e manexo expresivo.

Superación do total do repertorio correspondente ó curso.

Traballo vocal e escénico de conxunto.

6.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Unha Avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso en forma de proba ou audición do estado vocal do alumno, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso.

- A Avaliación Continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no Caderno do Alumno. O control das faltas de asistencia ás clases formará parte de dita avaliación.

Os/as alumnos/as que superen 4 faltas sin xustificar perderán o dereito á avaliación continua.

Tamén serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en Audicións e Concertos públicos.

- Avaliación Final, que conterà todas as anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e adicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cualificarase en base aos seguintes parámetros, de 1 a 10:

- **Sonido:** beleza vocálica, alcance o presenza do mesmo, timbre uniforme, afinación e medida xustas, etc.
- **Técnica e Interpretación:** Reguladores e matices dinámicos, “fiato”, expresión, dicción, línea vocal, dificultades técnicas segundo cada nivel, etc.
- **Repertorio:** Cantidade e calidade do mesmo.
- **Actitude:** Nivel de atención, concentración e colaboración na clase, grao de interese, asistencia, etc.

O alumnado deberá obter como mínimo un aprobado (5) en cada un dos parámetros para superar a materia.

A cualificación final ponderarase deste xeito:

- A) Valoración dos contidos específicos do curso: 80%.
- B) Valoración das actividades (10%): Audicións, concertos, etc.
- C) Actitude(10%).

7.- MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continua:

O examen dos alumnos que perderon a avaliación continua dun trimestre terán que realizar un exame consistente nunha audición na que interpretarán o repertorio reflexado para o trimestre correspondente nos contidos. (1/3 do repertorio do curso en cada caso). E demostrando o dominio dos obxectivos previstos para o trimestre ou trimestres correspondente.

8. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

O exame para os alumnos que non superaron o curso en xuño consistirá nunha audición onde terá que interpretar a totalidade do repertorio cumprindo os obxectivos previstos para o curso correspondente e a presentación do traballo teórico previsto para dito curso.

9.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

O alumno que teña demostrado un nivel suficiente coma para superar os contidos e obxectivos do curso actual en xaneiro, e demostre ter sobradas posibilidades de superar os contidos e obxectivos previstos para o curso seguinte poderá ampliar matrícula segundo as normas previstas no centro para elo.

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro antes do 30 de Novembro.

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaginar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos.

Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc.

Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- 1) **Adaptacións do material didáctico**, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe
- 2) **Variacións da metodoloxía**, para adaptala ás necesidades de cada alumno
- 3) **Propoñer actividades de traballo diferenciadas**. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con exixencias distintas
- 4) **Organizar o traballo de forma flexible** e con ritmos distintos de aprendizaxe
- 5) **Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos** adaptándose ao alumno individualmente.
- 6) A adaptación dos obxectivos e por tanto dos contidos terá que respetar os **mínimos esixibles** fixados na programación.

11.- A CLASE COLECTIVA, tamén denominada Conxunto, resulta imprescindible na fomaración dun cantante, polas características intrínsecas do repertorio. Polo que, salvo razóns de forza maior, o alumnado está obrigado a asistir a estas clases para acadar os obxectivos do curso.

Obxectivos:

- montar números de conxunto con outras voces.

-coordinar e interpretar obras de conxunto de carácter lírico (ópera, zarzuela e oratorio) de diversas épocas.

Contidos:

- interpretación vocal e escénica das partes de conxunto das obras.

- execución das partes individuais en conxunto atendendo á importancia da escoita do resto das voces e do empaste.

- montaxe dun ou varios números de conxunto, ca súa escena correspondente segundo a dificultade e nivel do alumnado.

-interpretación escénica en público ao longo do curso das obras traballadas.

Recursos didácticos:

- estudio individual e en conxunto.
- Traballo por voces.
- Concertación.

Interpretación escénica axeitada.

12.-PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

• ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Audicións:

- Farase unha audición por trimestre.
- Participarase nas semanas musicais organizadas polo centro.
- Participación na semana das letras galegas.
- Posta en escea de fragmentos u obras de ópera e/ou zarzuela

Sistema de ensayos cos pianistas acompañantes:

-No caso do canto, o pianista acompañante, aínda que non teña adicación completa ó departamento, procurarase que estea presente no aula como mínimo unha media hora semanal por alumno.

- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

-O longo do curso farase o posible por realizar algún intercambio con outro centro.

-Igualmente farase o posible para realizar algún curso dalgunha materia relacionada coa asignatura (técnica vocal, escena, idiomas, etc.).

13.- PROBAS DE ACCESO

Realízase unha convocatoria anual en setembro.

Cada unha das partes da proba cualifícase de cero a dez puntos, e é necesario unha cualificación mínima de cinco puntos para superala. A puntuación definitiva é a media ponderada en ambos os dous exercicios, valorándose a parte de Canto nun 70% e a de Linguaxe nun 30%.

O número máximo de convocatorias por especialidades é de dúas. Entrementres, se o aspirante obtén unha cualificación de 5 puntos ou superior e non consegue praza, a convocatoria non se computa

NORMAS SOBRE AS PROBAS de acceso:

1. O aspirante achegará á proba ou seu propio acompañamento instrumental.
2. A dificultade do repertorio elixido para as probas ha de estar relacionado cos obxetivos e contidos (que figuran na programación) do curso anterior ó que se presenta.
3. A interpretación das obras haberase de facer non idioma orixinal no que foron escritas.
4. Para as probas en que haxan de interpretarse números de conxunto, os aspirantes haberán de achegar os "partenaires" que interpreten con eles estes números e o pianista que os acompañe.
5. A totalidade das obras haberá de ser interpretada de memoria agás as obras de Oratorio. Os acompañantes si poderán facer uso de partituras.
6. O aspirante presentará ao Tribunal unha lista do repertorio elixido segundo os mínimos esixidos na programación do departamento para cada curso, no que constará ademais, o seu nome e curso ao que se presenta, así como tres copias do repertorio a interpretar.

ACCESO A 5º CURSO do G.P.

O aspirante presentará un programa segundo o explicitado nos Contidos para o 4º curso de G.P., que consta na programación do Departamento.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- a) Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Este criterio avalía a capacidade de interrelacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación axeitada.
- b) Demostrar o dominio na execución de obras sen desligar os aspectos técnicos e musicais. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento do alumno en canto á capacidade de análise e a súa capacidade artística.
- b) Demostrar coñecemento dá expresión do texto cantado nos diferentes idiomas. Con este criterio preténdese avaliar o nivel de coñecementos das linguas e de usos do dicionario que axudan a profundar na tradución literal e poética dos textos cantados.
- c) Mostrar autonomía nos roles que se deriven das obras e números de conxunto. Con este criterio compróbase a capacidade do alumno para adecuarse ás necesidades dá interpretación en grupo.

14. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

15. PROCEDEMENTOS PARA A EVALUACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo do instrumento, etc.

Comentarase regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á Comisión de Coordinación Pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc... En definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

6º CANTO

INDICE:

- 1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS ELEMENTÁIS E PROFESIONÁIS DE MÚSICA**
- 2. OBXECTIVOS**
- 3. CONTIDOS**
- 4. RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA)**
- 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES**
- 6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**
- 7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN**
- 8. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO**
- 9. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA**
- 10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 11. A CLASE COLECTIVA**
- 12. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES CULTURALS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS**

13. PROBAS DE ACCESO

14. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN

15. PROCEDEMENTOS PARA A EVALUACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

16. RECITAL DE FIN DE GRAO

17. REQUISITOS PARA A OBTENCIÓN DO PREMIO FIN DE GRAO

1.- INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA

A Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

En canto ao Grao Profesional, esta lei establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes do Departamento de Canto no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

O **grao profesional** ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Co fin de garantir esta formación, no inicio de cada curso escolar, será necesario facer unha revisión do aparato fonador por un especialista laringólogo o foniatra, e presentar o correspondente informe médico, para dar aos profesores de Canto unha idea do estado de saúde vocal do alumn@, os seus posibles problemas e o coñecemento de

algún caso en que a larinxe no estea o suficientemente madura ou sa para unha actividade vocal continuada.

Chegado o caso, o profesor/a ata poderá recomendar non cursar estudos de canto por un período de tempo determinado, ou un curso enteiro. Esta revisión periódica é imprescindible para controlar a evolución do estado de saúde vocal do alumnado e asegurarnos de que a actividade en clase (ou fóra de ela) non está redundando en perxuizo dos alumn@s.

2.- OBXECTIVOS XERAIS DE GRADO

_Demostrar un control suficiente do aire mediante a respiración diafragmática que posibilite unha correcta emisión, afinación e articulación da voz

_Coñecer as características e posibilidades da propia voz (extensión, timbre, flexibilidade, calidades expresivas, etc.) e saber utilizalas correctamente na interpretación.

_Empregar a fonética adecuada en relación co idioma cantado e unha dicción que faga intelixible o texto.

_Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

_Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación coa voz.

_Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade adecuada a este nivel.

OBXECTIVOS POR CURSO

6º CURSO

Demostrar homoxeneidade e flexibilidade en todo o rexistro.

Dominar unha correcta dicción, articulación e uso da fonética dos idiomas nos que se canta o repertorio do curso.

Demostrar a suficiencia técnica para afrontar un repertorio de estilos e épocas diversos con un nivel interpretativo e musical axeitado ó grado.

Ter superado o total do repertorio sinalado para o curso de memoria.

3.- CONTIDOS

_Estudo da respiración.

_Vocalizacións.

_Traballo da intensidade e gradación do son vocal.

_Práctica da extensión gradual cara aos extremos da voz.

_Desenvolvemento gradual da duración dunha nota tida sobre unha soa respiración para a consecución do máximo de fiato.

_Exercitación auditiva do timbre da propia voz e procura de distintas cores vocais.

_Desenvolvemento da percepción total das sensacións fonatorias.

_Interpretación de obras acordes con cada voz, de menor a maior dificultade a medida que se vaia conseguindo o dominio técnico-vocal.

_Estudo dun repertorio que deberá incluír cancións e arias españolas e italianas antigas, cancións de concerto españolas, cancións latinoamericanas, italianas, alemás e francesas, romanzas de zarzuela e ópera española e extranxeira e arias de oratorios ou cantatas.

_Estudo do repertorio propio do patrimonio galego.

_Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.

_Adestramento permanente e progresivo da memoria.

_Práctica da lectura á vista.

_Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

_Práctica de conxunto.

- **CONTIDOS PARA O 6º CURSO:**

A) CONTIDOS TÉCNICOS

Traballar a interpretación de obras de diferentes estilos e épocas.

B) REPERTORIO

Canción de Concerto Española

4 obras en calquera das linguas do Estado, tres delas obrigadamente en galego

Canción de Concerto Extranxeira

8 obras, das que obrigadamente 4 teñen que ser Lieder

Ópera Extranxeira

5 obras, das que 2 serán Arias

Teatro Lírico Español

3 obras, das que 2 serán Romanzas

Cantata, Oratorio, etc.

4 obras, das que 1 haberá de ser Aria

C) TRABALLOS TEÓRICOS

Estudio de Textos Poéticos e Dramáticos. Estudio de Personaxes. Estéticas. Épocas. Estilos. O compositor no seu contexto histórico e diante da obra estudiada.

4.- RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA)

A metodoloxía que se vai a aplicar na aula desenrollarase de acordo a os seguintes principios xerais:

- Aprendizaxe funcional (partindo do nivel real de coñecementos dos alumn@s)
- Ensinanza dinamizadora (provocar o estímulo e o interese no alumnado polo seu propio progreso, favorecer a súa autonomía e capacidade de superación,...)
- Adaptación á diversidade do alumn@ (metodoloxías diversas e actividades diferenciadas, adaptádonos ás características particulares de cada alumn@)
- Interdisciplinidade (aplicando o principio de “Globalización”, relacionar os contidos propios con outras materias do Currículum, traballo en coordinación con todo o equipo docente, etc)
- Avaliación continuada e constante (da Programación Didáctica, da cada alumn@ de xeito personalizado, do proceso de ensinanza-aprendizaxe, da práctica docente, ...)

5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES

Mínimos esixibles

6º CURSO

1º TRIMESTRE

Homoxeneidade e flexibilidade en todo o rexistro.

Correcta dicción, articulación e emprego da fonética dos idiomas do repertorio.

Superación de 1/3 do repertorio correspondente o curso.

Traballo vocal e escénico de conxunto.

2º TRIMESTRE

Aplicación correcta das habilidades técnicas acadadas, á interpretación axeitada tanto musical coma estilística do repertorio.

Superación de 2/3 do repertorio correspondente ó curso.

Traballo vocal e escénico de conxunto.

3º TRIMESTRE

Demostración da suficiencia técnica para afrontar un repertorio de estilos e épocas diversas con un nivel interpretativo e musical axeitado ó grado que se cursa.

Superación do total do repertorio correspondente ó curso de memoria.

Traballo vocal e escénico de conxunto.

6.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Unha Avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso en forma de proba ou audición do estado vocal do alumno, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso.
- A Avaliación Continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no Caderno do Alumno. O control das faltas de asistencia ás clases formará parte de dita avaliación.

Os/as alumnos/as que superen 4 faltas sin xustificar perderán o dereito á avaliación continúa.

Tamén serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en Audicións e Concertos públicos.

- Avaliación Final, que conterá todas as anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e adicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cualificarase en base aos seguintes parámetros, de 1 a 10:

- **Sonido:** beleza vocálica, alcance o presenza do mesmo, timbre uniforme, afinación e medida xustas, etc.
- **Técnica e Interpretación:** Reguladores e matices dinámicos, “fiato”, expresión, dicción, línea vocal, dificultades técnicas segundo cada nivel, etc.
- **Repertorio:** Cantidade e calidade do mesmo.
- **Actitude:** Nivel de atención, concentración e colaboración na clase, grao de interese, asistencia, etc.

O alumnado deberá obter como mínimo un aprobado (5) en cada un dos parámetros para superar a materia.

A cualificación final ponderarase deste xeito:

- A) Valoración dos contidos específicos do curso: 80%.
- B) Valoración das actividades (10%): Audicións, concertos, etc.
- C) Actitude(10%).

7.- MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continúa:

O examen dos alumnos que perderon a avaliación continua dun trimestre terán que realizar un exame consistente nunha audición na que interpretarán o repertorio reflexado para o trimestre correspondente nos contidos. (1/3 do repertorio do curso en cada caso). E demostrando o dominio dos obxectivos previstos para o trimestre ou trimestres correspondente.

8. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

O exame para os alumnos que non superaron o curso en xuño consistirá nunha audición onde terá que interpretar a totalidade do repertorio cumprindo os obxectivos previstos para o curso correspondente e a presentación do traballo teórico previsto para dito curso.

9.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

O alumno que teña demostrado un nivel suficiente coma para superar os contidos e obxectivos do curso actual en xaneiro, e demostre ter sobradas posibilidades de superar os contidos e obxectivos previstos para o curso seguinte poderá ampliar matrícula segundo as normas previstas no centro.

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro antes do 30 de Novembro.

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaginar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnada diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula , o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- 1) **Adaptacións do material didáctico**, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe
- 2) **Variacións da metodoloxía**, para adaptala ás necesidades de cada alumno
- 3) **Propoñer actividades de traballo diferenciadas**. O profesor fará unha análise dos contados da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contados con existencias distintas
- 4) **Organizar o traballo de forma flexible** e con ritmos distintos de aprendizaxe
- 5) **Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos** adaptándose ao alumno individualmente.
- 6) A adaptación dos obxetivos e por tanto dos contidos terá que respetar os **mínimos esixibles** fixados na programación.

11.- A CLASE COLECTIVA, tamén denominada Conxunto, resulta imprescindible na fomaración dun cantante, polas características intrínsecas do repertorio. Polo que, salvo razóns de forza maior, o alumnado está obrigado a asistir a estas clases para acadar os obxectivos do curso.

Obxectivos:

- montar números de conxunto con outras voces.
- coordinar e interpretar obras de conxunto de carácter lírico (ópera, zarzuela e oratorio) de diversas épocas.

Contidos:

- interpretación vocal e escénica das partes de conxunto das obras.
- execución das partes individuais en conxunto atendendo á importancia da escoita do resto das voces e do empaste.
- montaxe dun ou varios números de conxunto, ca súa escena correspondente segundo a dificultade e nivel do alumnado.
- interpretación escénica en público ao longo do curso das obras traballadas.

Recursos didácticos:

- estudo individual e en conxunto.
- Traballo por voces.
- Concertación.
- Interpretación escénica axeitada.

12.-PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS

• ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Audicións:

- Farase unha audición por trimestre.
- Participarase nas semanas musicais organizadas polo centro.
- Participación na semana das letras galegas.
- Posta en escea de fragmentos u obras de ópera e/ou zarzuela

Sistema de ensayos cos pianistas acompañantes:

-No caso do canto, o pianista acompañante, aínda que non teña adicación completa ó departamento, procurárase que estea presente no aula como mínimo unha media hora semanal por alumno.

- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

-O longo do curso farase o posible por realizar algún intercambio con outro centro.

-Igualmente farase o posible para realizar algún curso dalgunha materia relacionada coa asignatura (técnica vocal, escena, idiomas, etc.).

13.- PROBAS DE ACCESO

Realízase unha convocatoria anual en setembro.

Cada unha das partes da proba cualifícase de cero a dez puntos, e é necesario unha cualificación mínima de cinco puntos para superala. A puntuación definitiva é a media ponderada en ambos os dous exercicios, valorándose a parte de Canto nun 70% e a de Linguaxe nun 30%.

O número máximo de convocatorias por especialidades é de dúas. Entrementres, se o aspirante obtén unha cualificación de 5 puntos ou superior e non consegue praza, a convocatoria non se computa

NORMAS SOBRE AS PROBAS DE ACCESO:

1. O aspirante achegará á proba ou seu propio acompañamento instrumental.
2. A dificultade do repertorio elixido para as probas ha de estar relacionado cos obxetivos e contidos (que figuran na programación) do curso anterior ó que se presenta.
3. A interpretación das obras haberase de facer non idioma orixinal no que foron escritas.

4. Para as probas en que haxan de interpretarse números de conxunto, os aspirantes haberán de achegar os "partenaires" que interpreten con eles estes números e o pianista que os acompañe.

5. A totalidade das obras haberá de ser interpretada de memoria agás as obras de Oratorio. Os acompañantes si poderán facer uso de partituras.

6. O aspirante presentará ao Tribunal unha lista do repertorio elixido segundo os mínimos esixidos na programación do departamento para cada curso, no que constará ademais, o seu nome e curso ao que se presenta, así como tres copias do repertorio a interpretar.

ACCESO A 6º CURSO do G.P.

O aspirante presentará un programa segundo o explicitan os Contidos para o 5º Curso do G.P. que consta na Programación do Departamento.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

a) Interpretar obras de distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumno posúe do repertorio vocal e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

b) Interpretar obras en alomenos tres idiomas estranxeiros. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión fonética que o alumno posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro das mesmas.

b) Demostrar o dominio na execución de obras sen desligar os aspectos técnicos e musicais. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento do alumno en canto a capacidade de análise e a súa capacidade artística.

d) Mostrar autonomía nos roles que se deriven das obras e números de conxunto. Con este criterio compróbase a capacidade do alumno para adecuarse ás necesidades da interpretación en grupo.

14.DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

15.PROCEDEMENTOS PARA A EVALUACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interés no estudo do instrumento, etc.

Comentarase regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á Comisión de Coordinación Pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc...

En definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

16. RECITAL DE FIN DE GRAO

Esixirase a presentación dun programa de concerto dunha duración mínima de 30 minutos onde terá que incluírse alomenos obras pertencentes a tres grupos diferentes do programa de 6º e como mínimo en tres idiomas diferentes.

17. REQUISITOS PARA A OBTENCIÓN DO PREMIO FIN DE GRAO:

- Presentación de un programa de concerto no que duración mínima sexa de 30 minutos e que inclúa obras representativas de cada xénero (canción de concerto, lied, ópera, oratorio e zarzuela).
- Todas as obras teñen que ser interpretadas no idioma orixinal e de memoria, a excepción do oratorio e do Lied.
- O alumno achegará á proba todos os elementos escénicos e acompañantes vocais e instrumentais que necesite para a súa interpretación.
- As obras a interpretar serán elexidas por sorteo polo tribunal, no momento da realización da proba.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Interpretar obras de distintas épocas e estilos como solista ou en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumno posúe do repertorio vocal e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
2. Interpretar obras en alomenos tres idiomas estranxeiros. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión fonética que o alumno posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro das mesmas.
3. Demostrar dominio na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de interrelacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación axeitada. Isto é, boa aliñación corporal ao servizo dunha correcta emisión e articulación que posibilite a correcta inflexión e intelixibilidade do texto; dominio dos cambios dinámicos ao servizo da expresión; e capacidade de dar riqueza tímbrica á voz en toda a súa extensión.
4. Mostrar autonomía nos roles que se deriven das obras e números de conxunto. Con este criterio compróbase a capacidade do alumno para adecuarse ás necesidades da interpretación en grupo.